

III Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras

OBXECTO

1. O Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras nace coa vocación de promover e organizar actividades teatrais, e contribuír á mellora da oferta cultural eumesa, potenciando a divulgación das compañías teatrais afeccionadas.

CALENDARIO DE REPRESENTACIÓNS

2. O III Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras terá lugar os, sábados 7,14, 21 e 28 de maio de 2016.

3. A apertura do certame corresponderá ao grupo Arjé Teatro día 7 de maio, e a clausura ao grupo DameCuerda Que Teatro o día 28 de maio.

4. O horario das representacións será ás 20:30 horas. O lugar de tódalas representacións será o Salón de actos do IES Breamo situado na Rúa Ricardo Sánchez nº5, Pontedeume.

5. As labores de carga e descarga, así como a montaxe e desmontaxe de decorados e escenografía, serán realizadas por persoal da compañía ou grupo.

MEDIOS TÉCNICOS

6. O Salón de Actos do IES Breamo conta coas seguintes dotacións técnicas (Pode descarse da páxina web do Concello de Pontedeume un plano esquemático do salón de actos):

- Un escenario de 7 m. de ancho, 5 m. de fondo e 2,5 m. de alto. Conta con paso traseiro e entrada directa ao escenario desde o camerino.
- Mesa de son e de luces.
- Reproductor de DVD e proxector.
- Toma de corrente.
- Tarima de madeira.
- Telón.
- Patio de butacas cun aforo de 130 butacas.
- Aparcamento reservado para carga e descarga.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

7. O Encontro só está aberto a grupos de teatro afeccionado. Cada grupo pode presentar o número de obras que desexe, das cales só poderá ser seleccionada unha. As obras poderán ser representadas tanto en galego como en castelán e deberán ter unha duración mínima de 45 minutos.

8. Non se poderán presentar obras seleccionadas en edicións anteriores deste certame, pero si poderán participar compañías que teñan participado en anos anteriores.

REQUISITOS DE INSCRICIÓN

9. Toda compañía que desexe participar no Encontro deberá enviar a seguinte documentación:

- A “Ficha do espectáculo” cuberta cos datos da obra representada. (Pode descarse da páxina web do Concello de Pontedeume)
- Un mínimo de 3 fotografías do espectáculo en formato dixital para a promoción do mesmo.
- Un dvd do espectáculo **íntegro** que representará, ou enlace web para a súa visualización.

10. Todo isto deberá ser facilitado por correo electrónico a calquera das seguintes direccións:

pontedeumeenobras@gmail.com

Ou por correo postal á dirección:

Rúa Real nº13

15600 (A Coruña)

Especificando: *III Encontro de Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras.*

11. A documentación presentada pasará a formar parte dos fondos da organización, quen poderá usala para publicidade deste ou posteriores encontros.

PRAZO

12. O prazo límite para a presentación da documentación conclúe o luns 8 de abril de 2016.

SELECCIÓN

13. Os membros do grupo DameCuerdaQueTeatro xunto cun representante do Concello de Pontedeume asignado pola Concellería de Cultura serán os encargados da selección entre tódalas solicitudes presentadas daquelas que conformarán a programación do III Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras e acordará con cada compañía a data da súa actuación.

CACHÉ

14. A organización abonará a cantidade de 250 € a cada compañía seleccionada para o Encontro en concepto de caché de participación.

15. Para poder facer efectivo o ingreso dese caché cada compañía teatral deberá ter a capacidade de poder facturar e aportar no momento en que lle sexa requerido pola organización:

- Unha certificación bancaria do número de conta do que sexa titular.

- Unha factura por 250 € a nome do Concello de Pontedeume (CIF: P1507000F

Rúa Real nº13 Pontedeume, A Coruña) en concepto de "Representación por participación no *III Mes de Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras*".

CONFORMIDADE

16. A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

17. Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será responsabilidade do Concello de Pontedeume de maneira inapelable.

Pontedeume a 2 de marzo de 2016